



UNIVERSIDADE

Ciencias Sociais e Xurídicas

Vínculos
de
interese:

<http://ciug.cesga.es/> <http://www.edu.xunta.es/portal> <http://www.uvigo.es>
<http://www.udc.es> <http://www.usc.es> <http://www.educacion.es/portada.html>
<http://www.kekiero.es/> , <http://www.universia.es> , <http://www.yaq.es/>
<http://www.mcu.es/artesEscenicas/>

Materias de modalidade	
1º bacharelato	2º de bacharelato
Matemáticas Aplicadas ás CCSS I, Economía, Historia do Mundo Contemporáneo	Matemáticas Aplicadas ás CCSS II, Economía da Empresa, Xeografía, Historia da Arte, Literatura Universal

Perfil do/a estudante: Gusto polos temas sociais, económicos e políticos. Gusto pola relación coa xente. Bos comunicadores, observadores, atentos, tolerancia, capacidade de síntese, capacidade de expresión e sociable. Convén prestar atención ás **ponderacións** da Universidade

Consellos para ter éxito: Acudir a clase con regularidade, comparar os apuntes cos dos compañeiros e discutilos, ler a bibliografía recomendada de cada materia, realizar traballos en grupo para subir nota e preparar os exames con varios meses de antelación.

Dificultade: A maior parte destas carreiras teñen unha dificultade media.

A NÁLISE PO R CARREIRAS



Grao	Cidade
Administración e Dirección de Empresas	V, O, S, L, C
Administración e Dirección de Empresas de Escola de Negocios Caixa Nova + proba acceso	V
Economía	V, S, C
Empresariais (C) / Comercio (Vi) / Consultoría e Xestión da Información (Ou) / Loxística e Comunicación (Lu)	

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Economía, dirección y política de empresa, contabilidade, matemáticas, estatística... Os estudos de Economía céntranse na investigación e análise económica. Os de

Administrac. e Dirección de Empresas, estudan a realidade social e económica das empresas. No caso de CC. Empresariais o obxectivo é a análise do contorno económico da empresa.

Saídas profesionais: Bastante boas, en calquera posto de traballo e en todo tipo de empresas. Estes titulados son moi versátiles e adáptanse moi ben ás diferentes situacións da empresa. Os postos de traballo máis adecuados á súa formación son: administración, xestión, dirección, desenvolvemento comercial e mercado, comercio internacional, recursos humanos...

Grao	Cidade
Ciencias Políticas e da Administración	S
Dirección e Xestión Pública	P

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Dereito administrativo, dereito constitucional, documentación administrativa, economía política, dereito político, estatística administrativa, xestión administrativa, xestión financeira, contabilidade.

Saídas profesionais: Regulares. Os estudos céntranse na preparación para traballar como funcionario.

Se esta alternativa falla pode encaixar en calquera posto medio dunha empresa, xa que, en calquera caso, téñense bos coñecementos de dereito e de economía.

Outras saídas poden ser: Xestor, analista de sistemas, O.N.G. internacionais, comercio exterior...

Grao	Cidade
Pedagogía	S

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Métodos, deseños e técnicas de investigación, educación, antropoloxía da educación, métodos de investigación, didáctica, organización e xestión de centros educ., historia, teoría, socioloxía da educación, avaliación de centros, orientación profesional..

Saídas profesionais: Regulares. Aínda que en teoría teñen un campo amplo de saídas, na práctica non se crean case postos de traballo. Entre outras: recursos humanos, escolar, asesor e organizador en centros de estudo ou traballo, estudo do rendemento académico e profesional, avaliación da mellora do rendemento, orientador escolar, orientador laboral, técnico en programas municipais e exercicio libre da profesión.

Grao	Cidade
Traballo Social	O, S
Educación Social	O, S, C

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: En **Traballo Social:** Dereito, técnicas de investigación, política social, saúde pública, servizos sociais, política, socioloxía e antropoloxía.

En **Educación Social:** Educación permanente, intervención educativa sobre problemas de desadaptación, novas tecnoloxías aplicadas á educ., animación sociocultural, socioloxía, antropoloxía, psicoloxía social, psicoloxía do desenvolvemento, didáctica, educación non formal.

Saídas profesionais: Boas. Isto débese a que canto máis avanza unha sociedade, máis necesidades se poden cubrir entre os que teñen menos posibilidades: marxinados por calquera motivo, nenos, anciáns, ocio.

Grao	Cidade
Educación Infantil	V, P, O, S, L, C
Educación Primaria	V, P, O, S, L, C

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Coñecemento do medio natural, social e cultural, didáctica, estudo de tódalas áreas do saber: arte, sociais, natureza, matemáticas, física e materias específicas de cada especialidade que terán **mención no título:** Audición e Linguaxe, Educación Especial, Educación Física, Educación Musical e Lingua Estranxeira.

Saídas profesionais: Escasas. Oposicións a docente ou ben profesor/a privado.

Grao	Cidade
Comunicación Audiovisual	P, S
Xornalismo	S
Publicidade e Relacións Públicas	P

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias estudo: Redacción, comunicación audiovisual, radio, T.V., comunicación e información escrita, publicidade e relacións públicas, teoría da comunicación, teoría da información, dereito da información, análise do entorno social e da súa evolución histórica, creatividade publicitaria.

Saídas profesionais: Regulares. Aínda que teñen un campo moi amplo de saídas profesionais: prensa, radio, televisión, axencias de comunicación, gabinetes de prensa, gabinetes de publicidade, asesores de imaxe..., hai moita competencia e moitos profesionais.

Grao	Cidade
Dereito	V, O, S, C
Relacións Laborais e Recursos Humanos	V, S, L, C, F

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Fundaméntase no dereito, ben dereito social, da Seguridade Social, sindical ou do traballo, como civil, penal, procesual ou político.

Saídas profesionais: Boas. En calquera sector produtivo sempre fai falla alguén que saiba perfectamente tódalas leis que lle afectan. Poden traballar en tódolos sectores ou por conta propia.

Grao	Cidade
Socioloxía	C

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Estatística, economía política, estrutura social, investigación social, antropoloxía social, psicoloxía social, socioloxía.

Saídas profesionais: Regulares. O normal é a docencia, a investigación social e os estudos estatísticos.

Grao	Cidade
Turismo	O, C

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

Materias de estudo: Dereito, lexislación, economía, xestión de empresas turísticas, patrimonio cultural, mercado técnico e turístico, idiomas.

Saídas profesionais: Boas. Hai que ter en conta que España é un país turístico e hai moitas actividades diferentes dentro deste sector: hoteis, axencias de viaxes, animación turística, parques recreativos, turismo rural...

Grao	Cidade
Ciencias da Actividade Física e Deportiva	P, C

Acceso preferente: Desde o bach. de Ciencias Sociais u outro segundo as notas de corte.

+ proba de acceso específica.

Materias de estudo: Centradas no deporte, analízanse aspectos de bioloxía, medicina, anatomía e psicoloxía. Ademais, afóndase nos diferentes deportes.

Saídas profesionais: en temas relacionados co deporte, a saúde e o ocio. Tamén como profesorado de educación física.

Acceso a outros graos da mesma rama: Se rematas primeiro curso con todo aprobado e desexas cambiar a outro grao da mesma rama podes acceder a segundo curso co 30 % aproximado de primeiro do novo grao por recuperar.

Ponderacións de exame de selectividade por carreiras (en <http://ciug.cesga.es>):

A fase xeral obrigatoria de selectividade é das materias de 2º de bacharel comúns e 1 escollida propia de calquera modalidade cursada ou non. A nota faise co **60 % da media do expediente académico** durante o bacharel e o outro 40% farase coa nota de exame de selectividade cun mínimo de 4 puntos. Aprobando a media temos acceso tódalas carreiras universitarias con moitas prazas.

Para as carreiras con límite de praza o alumnado se presentará á **fase específica voluntaria** de selectividade. É dun máximo de 3 materias propias de calquera modalidade cursadas ou non, das que se escollerán as 2 aprobadas máis puntuadas despois dunha **ponderación**. Isto poderá sumar ao exame da fase xeral un máximo de 2 puntos por materia cun total de 4 puntos. Recomendamos que se escollan nesta fase as materias máis ponderadas. A puntuación máxima de selectividade será de 10+4 puntos.

FORMACIÓN PROFESIONAL SUPERIOR

Estes son os Ciclos Formativos de Grao Superior agrupados por Familias os que podes acceder desde o bacharelato de Ciencias Sociais. Todos eles teñen unha duración de dous anos e dan acceso directo á Universidade (con nota de corte neles):

Administración e Xestión/ Administración. Artes Gráficas. Artes e Artesanías. Comercio e Marketing. Hostalería e Turismo. Imaxe e Son/ Comunicación, Imaxe e Son. Servizos Socioculturais e á Comunidade.